

Equipo: Data:

	2,5 Fantástico	2 Moi ben	1,5 Imos mellorando	1 Seguimos aprendendo
Participación e colaboración	Todas as persoas do equipo participaron activamente, compartiron ideas e axudáronse para que o proxecto fose un éxito.	A maior parte do equipo participou e colaborou, aínda que algunha persoa do grupo foi menos constante.	Algunhas persoas do equipo participaron activamente, mentres outras precisaron algo máis de axuda para colaborar.	Houbo pouca participación e colaboración, pero intentámolo e seguimos aprendendo.
Distribución de tarefas	As tarefas repartíronse de forma equilibrada e todas as persoas cumpriron coas súas responsabilidades no tempo acordado.	A maior parte das tarefas foron ben repartidas, pero algunha persoa do grupo tivo dificultades para cumprir os prazos.	Custounos repartir as tarefas de forma equilibrada, e houbo algúns atrasos ou problemas.	Non repartimos ben as tarefas, pero aprenderemos a organizarnos mellor a próxima vez.
Clima de traballo	Traballamos sempre nun ambiente agradable, con respecto e apoio entre todas as persoas do equipo.	Xeralmente o clima foi bo, aínda que houbo algún momento no que tivo que mellorar a comunicación.	O clima foi irregular, con algúns momentos de tensión ou pouca harmonía.	Tivemos dificultades para manter un clima de traballo adecuado, pero esforzámonos por mellorar.
Toma de decisións	O equipo chegou a acordos de forma rápida e eficaz, escoitando e respectando todas as opinións.	Chegamos a acordos na maior parte do tempo, aínda que ás veces foi necesario axudarnos un pouco máis.	Custounos poñernos de acordo e ás veces houbo que tomar decisións sen moito consenso.	Non conseguimos chegar a acordos, pero sabemos que podemos aprender para facelo mellor.
Suma de puntos				